

O que se fai público para o seu coñecemento e demais efectos oportunos.

Pontevedra, a 28 de outubro de 2013.—O Presidente, Rafael Louzán Abal.—O Secretario, Carlos Cuadrado Romay. **2013009721**

Corrección de erros

No Boletín Oficial da provincia nº 209, de data do 30 de outubro de 2013, publicouse a convocatoria de 424 bolsas de prácticas laborais en empresas privadas da provincia de Pontevedra.

Advertido erro na base segunda da convocatoria, relativa ás condicións dos aspirantes, procédese a súa rectificación, o abeiro do establecido no artigo 105.2 da Lei 30/92, do 26 de novembro, no senso que no apartado 6, onde di: “estar empadroadado en calquera termo municipal da provincia de Pontevedra”; debe dicir: “estar empadroadado en calquera termo municipal da provincia de Pontevedra con anterioridade á data da publicación desta convocatoria no Boletín oficial da provincia”.

Pontevedra, 4 de novembro de 2013.—A Deputada Delegada, Begoña Estévez Bernárdez. **2013009616-R**

AYUNTAMIENTOS

PONTEVEDRA

CORRECCIÓN DO ERRO MATERIAL ADVERTIDO NO ANUNCIO PUBLICADO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NÚM 207 DE DATA 28/10/2013 SOBRE “CRITERIOS INTERPRETATIVOS REFERIDOS AO RÉXIME XURÍDICO APLICABLE ÁS NAVES-TALLERES EXISTENTES EN NÚCLEOS RURAIS DO VIXENTE PXOU QUE CONTEN CO SÍMBOLO ●”

Revisado o texto do anuncio publicado no “Boletín Oficial” da provincia núm 207 de data 28/10/2013 co contido sinalado no asunto, detéctouse un erro material na cabeceira do mesmo, ao omitirse o símbolo ●.

En consecuencia procédese a realizar a seguinte corrección:

Onde dí :

“(…)criterios interpretativos referidos ao réxime xurídico aplicable ás naves-talleres existentes en núcleos rurais do vixente PXOU que contén co símbolo(…)”

Debe dicir:

“(…)criterios interpretativos referidos ao réxime xurídico aplicable ás naves-talleres existentes en núcleos rurais do vixente PXOU que contén co símbolo ●(…)”

Quedan subsistentes os demais extremos do texto do anuncio publicado, sen prexuízo de que se considere procedente a súa íntegra publicación.

Pontevedra, a 4 novembro de 2013.—A técnica da administración xeral, Beatriz Rodríguez Yáñez.

2013009254-R

ASUNTO: NOTIFICACIÓN A DON JUAN LUIS DÍAZ GIRÓN E/R DA ENTIDADE “VIAJES MARSANS, S.A” DA RESOLUCIÓN DA TENENCIA DE ALCALDÍA DE DATA 18/09/13 POLA QUE SE DISPÓN O ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE LICENZAS DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E DE APERTURA DE LOCAL CON DESTINO A AXENCIA DE VIAJES NO BAIXO DO INMOBLE SITO NA RÚA DE ROSALÍA DE CASTRO, Nº 14, EN PONTEVEDRA. (Nº EXPEDIENTE 27628/01)

Intentada a notificación da resolución da Tenencia de Alcaldía de data 18/09/13 a don Juan Luis Díaz Girón e/r da entidade “Viajes Marsans, S.A” e ao non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das